



Valentina

GUÍA DIDÁCTICA PARA DOCENTES

A inclusión nas aulas de educación primaria con Valentina.


Alumnado de
Educación Primaria



CONTACTO

Susana Pego | Xoan Mariño
637 052 663 | 675 896 415
cinenaruagal@gmail.com | xoan@mrmisto.es

Índice




- 1. PRESENTACIÓN**
- 2. INTRODUCCIÓN**
- 3. A PELÍCULA**
- 4. APLICACIÓN DIDÁCTICA**
 - 4.1. OBXECTIVOS**
 - 4.2. ACTIVIDADES**
 - 4.3. TEMPORALIZACIÓN**
 - 4.4. METODOLOXÍA**
- 5. BIBLIOGRAFÍA**



CINE NA RUA.com

1. Presentación



Esta guía foi elaborada coa finalidade de traballar a inclusión do alumnado nas aulas a través da película *Valentina*.

Valentina é unha longametraxe dirixida por Chelo Loureiro, fundadora de Abano Producóns, a partir dun guión coescrito xunto con Lúa Testa, actriz e escenógrafa galega e cos deseños de personaxes e fondos de David Pintor.

Esta película naceu dunha bonita historia persoal da directora. A súa irmá pasou un longo tempo hospitalizada por problemas de saúde, polo que parte da súa infancia foi compartida con centos de nenos que vivían esas dificultades con total normalidade. Esas vivencias, que lle serviron para comprender as diferentes formas de enfrentarse ás discapacidades e normalizalas, levárona a querer levar a cabo unha película na que se tratase a diversidade desde un punto de vista na que esa diferenza en realidade non fose unha diferenza en si mesma, senón que fose aceptada ata o punto de sentila como algo normal porque todos somos diferentes.

A necesidade de contar unha historia protagonizada por unha pequena “diferente” levouna a crear Valentina, unha nena con síndrome de Down que é consciente das dificultades coas que ten que loitar día a día pero que como ben di a súa avoa: “nunca debemos perder a ilusión nin as ganas de aprender”.

Esta guía pretende educar os nenos desde a infancia cara a uns valores más equitativos, tolerantes e solidarios. Preténdese que desde pequenos, cheguen a comprender que cada un de nós é diferente ao resto á nosa maneira, pero que, pola súa vez, somos iguais, cos mesmos soños, sentimientos e ilusións.

O propósito deste material é sensibilizar o alumnado de educación infantil e educación primaria sobre a discapacidade intelectual, aínda que na película se perciba a síndrome de Down, en realidade preténdese abracer calquera outra discapacidade co fin de que a comunidade educativa sexa consciente da importancia da inclusión de todo o alumnado dentro do centro e de que nenos e nenas sexan capaces de normalizar estas situacóns non tan cotiás, contando para isto coa película *Valentina*.



2. Introdución




Co paso dos anos fomos observando como tanto no ámbito social como no educativo houbo grandes avances no relativo aos dereitos das persoas con algún tipo de discapacidade. Na actualidade, podemos dicir que todo o alumnado ten dereito a unha educación de calidade, polo que unha das principais finalidades da educación é que todos os estudiantes alcancen o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos e competencias establecidas con carácter xeral.

Unha das definicións actualmente más aceptadas para a discapacidade intelectual é a da AAMD (1983, Asociación Americana para a Discapacidade Mental) que describe este concepto como "un funcionamento intelectual xeral significativamente inferior á media, que coexiste xunto cun déficit na conduta de adaptación e que se manifesta durante o período de desenvolvemento", tal e como se establece no DSM-V (recolle os mesmos criterios que na súa versión anterior) para falar de discapacidade intelectual débense cumplir os seguintes criterios: un CI de 70 ou inferior e manifestarse un déficit de adaptación na súa conduta durante o período de desenvolvemento, é dicir, antes dos 18 anos.

Unha das discapacidades más comúns é a síndrome de Down, estes nenos e nenas manifestan unha discapacidade intelectual (a cal pode ser severa, moderada ou leve) na súa aprendizaxe, na linguaxe, na interacción social, na atención, na comprensión e na retención, polo tanto, podemos falar de nenos e nenas con necesidades educativas especiais que precisan dunha atención educativa diferente.

Desde un marco máis teórico-lexislativo, podemos sinalar que a atención á diversidade é recollida no preámbulo da LOE como un dos principios básicos, disposta a alcanzar unha educación de calidade para todo o alumnado e unha equidade no ensino que garanta a igualdade de oportunidades e a non discriminación. A atención á diversidade é unha necesidade que comprende todas as etapas educativas como un principio e non como unha medida que corresponde ás esixencias duns poucos. Xorde aquí a importancia de dous dos principios básicos polos que se rexe a atención á diversidade, a normalización e a inclusión, tal e como aparece recollido no Decreto 229/2011, que regula a atención á diversidade na comunidade autónoma de Galicia, e na Lei orgánica 3/2020 pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de Educación.

Chegados a este punto consideramos a importancia de traballar temas como a diversidade nas aulas co fin de lograr a inclusión do alumnado con dificultades no sistema educativo ordinario, acabar coas etiquetas e procurar integrar este alumnado co resto de nenos e nenas sen que exista ningún tipo de discriminación. Así pois, podemos dicir que neste punto vai xogar un papel moi importante a película Valentina, que nos permitirá tratar o tema da diversidade a través dunha metodoloxía activa e participativa cun carácter lúdico, creativo, flexible e interactivo.



3. A película: Valentina



FICHA TÉCNICA

Título: Valentina

Xénero: Aventura / Musical

Directora: Chelo Loureiro

Técnica: Animación 2D-3D

Duración: 65 min

Público: Nenos/as 3-7 anos /
Familiar

sinopse:

Valentina está cansa de ser unha nena con síndrome de Down convencida de que é o motivo polo cal nunca poderá alcanzar o seu soño: ser trapecista. Pero nunha viaxe máxica xunto co seu amigo o rato Chiqui vai permitir descubrir que é moi especial e que, como ben di a súa avoa, nunca debe de perder a ilusión e as ganas de aprender.


Os personaxes:



VALENTINA é a protagonista desta aventura tan marabillosa. É unha nena alegre, soñadora, inocente e como ela di, tamén é Down. Valentina pensa que por ter síndrome de Down nunca poderá cumplir o seu soño de ser trapecista, con todo, esta aventura fará que Valentina se dea conta de que ser unha nena con síndrome de Down é o que a fai tan especial e que se ela quere ser trapecista, ou calquera outra cousa, con empeño e ilusión poderá conseguilo.



AVOA cre que todo é posible se nos esforzamos, algo que trata de ensinarlle a Valentina cada día con cancións e xogos ata que un día marcha ao "País dos que Nunca Esquecemos", onde chegará a alcanzar o seu soño de ser directora de orquesta.



MAMÁ E PAPÁ queren o mellor para Valentina e preocúpanse tanto por ela que quizais a protexen demasiado. Aos poucos daranse conta de que Valentina é unha nena tan aguda que pode alcanzar todo o que se propoña.



CHIQUI é un pequeno rato mudo e amigo imaxinario de Valentina. Chiqui é un larpeiro divertido e ao que lle gusta moito xogar. Como amigo inseparable de Valentina non a vai deixar soa nesta fantástica aventura. Xunto con Valentina estará sempre cantando e a canción favorita de ambos é "Xuntos camiñamos".




REI E RAÍÑA acompañarán a Valentina nesta aventura. Son responsables, calmados e racionais. Animarán e axudarán a pequena Valentina a que descubra os seus propósitos por si mesma.



CABALO é un entusiasta divertido e tamén un pouco toliño que fará rir a todos e todas nesta aventura e que axudará a Valentina en todo canto se propoña.



PEÓNS son moitos e moi travesos. Falan a un tempo e non paran quietos. Son moi xenerosos.



TORRE é moi curiosa e non lle gusta nada chamar a atención. Gústalle aprender e preocuparse polos seus amigos aos que, sempre que poida, lles vai botar unha man en todo o que necesiten.



ALFIL é tímido e moi gracioso. Non deixa de esbirrar porque é alérxico. Provoca moitas risas e nunca se enfada, Alfil é así!

Datos e curiosidades:

- O encargado da producción musical é Nani García que conta con grandes voces como a de María Manuela, Uxía Senlle, Pilocha e Andrés Suárez como os seus intérpretes, ademais de voces infantís galegas como Coke Couto e Alicia Rábade. Tamén conta con Emilio Aragón como letrista e compositor dalgunha das cancións.



- Abano Producións apostou pola inclusión das persoas con diversidade funcional no ámbito laboral, neste caso, a idea é que as persoas con algún tipo de discapacidade teñan a oportunidade de acceder ao mundo do cinema. Lucía e Pepa, dúas nenas con síndrome de Down, daránlle voz a Valentina como actrices de dobraxe.
- Valentina é un proxecto cinematográfico e televisivo (TVE e TVG), que terá tamén unha serie de televisión. Ademais, será explotada dixitalmente a través de aplicacións, dándolle vida ao proxecto máis alá da súa estrea en salas.
- A versión orixinal da película é en galego.




4. Aplicación didáctica

Valentina é unha longametraxe que defende a diversidade e que aposta pola inclusión das persoas con diversidade funcional na nosa sociedade. Esta película está indicada para serlle proxectada ao alumnado de educación infantil e educación primaria.


Consideramos necesario que os futuros profesionais analicen a intervención educativa da escola sobre os nenos e as nenas. Pensamos que a película *Valentina* fai varias propostas interesantes que se poden traballar desde o ámbito educativo en ambas as etapas e como poden ser a temática da diversidade e a integración de certos valores como a amizade, a cooperación, o traballo en equipo...

Nesta pequena guía o profesorado atopará unha serie de actividades para ensinarllas aos e ás más pequenas, temas como a diversidade e valores como a amizade, a tolerancia, a cooperación, o respecto etc. Trátase de mostrar dunha forma entretida e divertida a través do xogo, a música e do cinema como, a pesar de que cada un e unha de nós presentemos capacidades diferentes, todos e todas somos iguais e temos as mesmas ilusións e os mesmos soños.



4.1 Obxectivos

- Favorecer unha autoestima positiva e mellorar o autoconcepto do alumnado, ademais de aumentar o seu nivel de motivación.
- Sensibilizar a poboación escolar de educación infantil e educación primaria sobre a discapacidade intelectual.
- Fomentar a integración do alumnado dentro do grupo-clase.
- Favorecer o pluralismo respecto ás diferenzas fomentando actitudes de non discriminación, de coidado e de agarimo.
- Fomentar os valores de colaboración e o traballo en equipo.
- Deseñar e desenvolver prácticas educativas que favorezan que todo o alumnado, a pesar das súas diferenzas, pode alcanzar os mesmos obxectivos.



4.2 Plantexamento das actividades

As actividades que se desenvolven ao longo desta guía foron seleccionadas para levar a cabo dentro dos centros educativos, coa idea de que sexan os propios docentes os que elixan as actividades que queren desenvolver para traballar os obxectivos propostos dentro do grupo-clase, de forma que teñan tamén a flexibilidade de poder adaptar as actividades ao propio grupo. Para facilitar a súa organización as actividades do alumnado poderán ser recomendadas por cursos, desta forma, o docente poderá elixir de entre todas as actividades propostas aquellas que considere máis adecuadas para o seu grupo dotándoo, por tanto, dunha maior flexibilidade á hora de seleccionar as actividades que considere máis adecuadas para traballar a temática da diversidade. Ao final da guía virán unha serie de fichas que deberemos de empregar para levar a cabo certas actividades.


4.3 Actividades



Actividade con reprodutor ou computador



Actividade con material de manualidades



Actividade con taboleiro



Actividade sen material



Actividade con bonecos / xoguetes

1

ACTIVIDADE N.º 1. "VALENTINA"



Obxectivos:

- Presentar a discapacidade intelectual, concretamente a síndrome de Down.
- Aumentar o coñecemento da existencia das diferenzas entre as persoas.
- Aprender a aceptar a todas as persoas por igual.
- Fomentar o respecto para as persoas con outro tipo de capacidades.

Actividade:

Antes da película, e sempre adaptando os contidos á idade de cada grupo de nenos e nenas, explicarase brevemente o que é a discapacidade, a discapacidade intelectual e concretamente a síndrome de Down. A terapeuta familiar Ángels Ponce elaborou esta guía ilustrada que pode servirlle ao docente como apoio para explicarllas a discapacidade aos nenos e nenas entre os 4 e os 8 anos de idade. Posteriormente proxeccarse a longametraxe.


GUÍA: https://sid.usal.es/idocs/F8/FDO26356/guia_discapacidad.pdf

Material didáctico: proxector e película.

Destinatarios: recomendado para os nenos e nenas de toda a etapa de educación primaria.

2

ACTIVIDADE N.º 2. "ESTA É VALENTINA"



Obxectivos:

- Fomentar o coñecemento da existencia das diferenzas entre persoas.
- Traballar a psicomotricidade fina.
- Aprender a aceptar os demais.
- Promover a creatividade plástica.

Actividade:


Esta actividade pódese levar a cabo nas linguas. Os nenos e nenas deberán debuxar e colorear a Valentina mentres que os de 3º, 4º, 5º e 6º curso tamén deberán describir a Valentina. Finalmente expoñeran todos os debuxos ao redor da clase.

Material didáctico: folio ou cartolina, lapis, goma de borrar, afialapis, rotuladores e ceras de cores.

Destinatarios: recomendado para os nenos e nenas de toda a etapa de educación primaria.

3

ACTIVIDADE N.º 3. "DEBATEMOS SOBRE A DIVERSIDADE"



Obxectivos:

- Investigar e descubrir que a diversidade está en todas partes.
- Expoñer as nosas ideas sobre como nos vemos e como pensamos que nos ven os demás.
- Fomentar o pensamento crítico e a tolerancia ante as capacidades distintas de cada un e unha.

Actividade:

Logo de ver a película consideramos importante debater na clase sobre a temática da diversidade. Esta actividade poderase levar a cabo nas materias de Valores Sociais e Cívicos, Relixión ou en calquera das linguas. O alumnado responderá a cuestións sinxelas que serán anotadas no encerado e que lle permitirán chegar a comprender que, a pesar das diferencias que podemos ter cada un de nós, ao final todos somos iguais. Algunhas das cuestións que o docente lle poderá expoñer ao alumnado son: Vós que queredes ser de maiores? E Valentina? Credes que Valentina pode chegar a ser trapecista? Por que? Credes que existe algunha diferenza entre o seu soño de ser trapecista e o voso soño de ser por exemplo actriz, futbolista ou astronauta? Como vedes a Valentina? E cada un e unha de vós como vos vedes? As cuestións formuladas estarán adaptadas ao grupo-clase. A finalidade desta actividade é que o alumnado chegue a ter a capacidade crítica para darse conta de que non hai diferenzas entre ningún neno e nena e que esas limitacións as poñen os ollos alleos pero, con constancia e aprendizaxe podemos chegar a cumplir os nosos soños.

Material didáctico: encerado e xices.

Destinatarios: recomendado para nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria..

4

ACTIVIDADE N.º 4. "ASÍ SON EU"



Obxectivos:

- Aceptar e recoñecerse a si mesmo.
- Traballar a creatividade plástica.

Actividade:

Esta actividade poderase levar a cabo na materia de Educación Artística ou na materia de Valores Sociais e Cívicos ou Relixión. En pequenos grupos cada neno e nena fará un debuxo de como se ve a si mesmo/a e colgarase na parede. Os alumnos e alumnas xunto co profesor ou profesora analizarán cada un dos debuxos. A finalidade desta actividade é traballar o autocoñecemento e que cada neno e nena se acepte tal e como é. O docente ao finalizar a actividade pode expoñer esta cuestión: En realidade non somos tan diferentes de Valentina, verdade?

Material didáctico: folio ou cartolina, lapis, gomas de borrar, afialapis, rotuladores, pinceis, témperas, témperas de dedos e ceras de cores.

Destinatarios: recomendado para os nenos e nenas de toda a etapa de educación primaria.

5

ACTIVIDADE N.º 5. "CREBACABEZAS DIFERENTES"



Obxectivos:

- Xogar coas diferenzas.
- Descubrir que a diversidade está en todas partes.
- Traballar a creatividade plástica.

Actividade:

Para a realización desta actividade usarase a ficha 1 que aparece ao final da guía didáctica e poderase levar a cabo na materia de Educación Artística ou nas linguas. Cada neno e nena fará unha colaxe coas distintas partes do corpo mesturando cada unha das pezas dos distintos personaxes e obtendo así miles de posibilidades. Poderán pintarlle ao seu debuxo pernas, máis brazos... todo o que queiran. A finalidade desta actividade é que os nenos e nenas se dean conta de que cada un de nós somos únicos e únicas.

Material didáctico: Ficha 1, folio ou cartolina, tesoira, punzón, cortiza ou similar, pegamento, rotuladores, pinceis, témporas e témporas de dedos.

Destinatarios: recomendado para os nenos e nenas de 1º e 2º curso de educación primaria..

6

ACTIVIDADE N.º 6. "O QUE NOS GUSTA"



Obxectivos:

- Traballar a psicomotricidade fina.
- Traballar a creatividade plástica.
- Comprender que todos somos diferentes.
- Aprender a aceptar a todas as persoas por igual.

Actividade:

Esta actividade poderase levar a cabo na materia de Educación Artística ou en calquera das linguas. Cada neno e nena deberá debuxar o seu personaxe favorito da película. Os debuxos de cada neno e nena expoñeranse nas paredes da clase. A finalidade da actividade é que o alumnado sexa consciente de que cada personaxe ten unha serie de características que o fan único, xa que todos e todas somos diferentes.

Material didáctico: folio ou cartolina, lapis, goma de borrar, afialapis, ceras de cores, rotuladores, témporas, pinceis e témporas de dedos.

Destinatarios: recomendado para os nenos e nenas de toda a etapa de educación primaria.

7

ACTIVIDADE N.º 7. "O MELLOR E O PEOR DE NÓS"



Obxectivos:

- Aceptarase e recoñecerse a si mesmo/a.
- Aceptar a todas as persoas sen discriminación.
- Descubrir que todos temos dificultades para algo.

Actividade:


Para levar a cabo esta actividade farase un círculo entre todo o grupo no chan, de modo que todos se poidan ver as caras. A actividade poderase levar a cabo na materia de Valores Sociais e Cívicos, Relixión ou en calquera das lingua. Cada neno e nena vai ir falando do que pensa que é capaz de facer sen dificultade e das cousas nas que ten máis problemas como pode ser: atar os cordóns dos zapatos, facer deporte, comer verduras, saltar á pata coxa... Finalmente o docente fará a pregunta: En que pensades que é boa Valentina e en que podería ter dificultades? A idea é que todos e todas sexan capaces de comprender que cada un/unha de nós temos as nosas dificultades, que todos temos capacidades diferentes e que debemos de ser tolerantes e aprender a respectarnos.

Material didáctico: non precisamos de ningún tipo de material para desenvolver esta actividade.

Destinatarios: recomendado para os nenos e nenas de toda a etapa de educación primaria.

8

ACTIVIDADE N.º 8. "XUNTOS CAMIÑAMOS"



Obxectivos:

- Fomentar a integración no grupo-clase.
- Usar a expresión corporal.
- Promover a psicomotricidade fina e grossa.
- Facilitar o desenvolvemento social e afectivo, e fomentar os sentimentos de seguridade emocional, confianza e autonomía.

Actividade:

Para a realización desta actividade será necesaria a ficha 2. Esta actividade poderá levarse a cabo na materia de Educación Física ou unha parte na de Educación Física e outra na de Educación Artística. A metade da clase pintará a careta de Valentina e a outra metade a careta de Chiqui. Recortarán a careta, pegarana nunha cartolina e poñeranlle unha goma. O docente elaborará unha coreografía adaptada a cada grupo de idade e ás necesidades de cada alumno/a para a canción "Xuntos camiñamos" da película. O alumnado interpretará a canción coas súas caretas.

Material didáctico: ficha 2, ceras de cores, témperas, pinceis, témperas de dedos, goma de borrar, afialapis, tesouras, punzón, pegamento, cartolina, gomas, reproductor de música (taboleiro dixital, computador...) e a canción "Xuntos camiñamos".

Destinatarios: recomendado para os nenos e nenas de toda a etapa de educación primaria.

9

ACTIVIDADE N.º 9. "IMOS CONTAR UNHA HISTORIA"



Obxectivos:

- Desenvolver a creatividade dos nenos e das nenas.
- Fomentar a participación de todo o alumnado.
- Traballar a concentración e a atención.
- Promover a imaxinación.

Actividade:

Para a realización desta actividade o docente deberá elaborar unha parte do material. Poderá empregar o anexo I para facer unhas marionetas dos personaxes principais da longametraxe ben usando cartolina, goma eva, fieltro, papel... de Valentina e Chiqui. A actividade levaráse a cabo en calquera das linguas. Nunha cesta, colocaranse varios elementos da película e outros materiais que o docente teña ao seu alcance: marionetas ou bonecos de Valentina e Chiqui, xoguetes pequenos como unha bicicleta, un coche, un avión, diferentes comidas, unha pelota... Sentarán todos e todas no chan e o docente irá sacando cada unha das cousas da cesta. Empezará a contar unha historia mentres os nenos e as nenas axudarán a profesora ou profesor a seguir esa historia e crear unha nova aventura para Valentina.

Material didáctico: unha cesta, bonecos ou marionetas de Valentina e Chiqui feitos có anexo I e distintos xoguetes que nos poidan axudar a crear unha nova historia para Valentina.

Destinatarios: recomendado para os nenos e nenas de 1º e 2º curso de educación primaria..

10

ACTIVIDADE N.º 10. "TODOS SOMOS DIFERENTES"



Obxectivos:

- Traballar a psicomotricidade grossa.
- Aprender a aceptar a todas as persoas por igual.
- Empregar a expresión corporal.

Actividade:

Esta actividade levarase a cabo, sempre que sexa posible, o día 3 de decembro para conmemorar o Día Internacional das Pessoas con Discapacidade. Unhas semanas antes da data, o profesor ou profesora elaborará, en coordinación co equipo de docentes dos demais grupos, unha coreografía para aprender xunto co alumnado e así celebrar todos e todas xuntas ese día a través do baile e da música.

Material didáctico: reproduutor de música (taboleiro dixital, computador...) e a canción "Todos somos diferentes".

Destinatarios: recomendado para os nenos e nenas de toda a etapa de educación primaria.

11

ACTIVIDADE N.º 11. "AS AVENTURAS DE VALENTINA"



Obxectivos:

- Fomentar o coñecemento da existencia das diferenzas entre persoas.
- Promover o respecto polas persoas con outras capacidades e facilitar a relación con elas.
- Traballar a creatividade plástica.

Actividade:


Esta actividade poderase levar a cabo na materia de Educación Artística ou na área lingüística. Os alumnos e alumnas debuxarán a Valentina viaxando polo mundo e facendo aquelas cousas que lle gustaría fazer como: viaxar nun avión, dirixir unha orquestra coa avoa, estar nun circo, ser cantante... Ao final recompilaremos todos os debuxos e colocarémoslos na parede, e teremos a moitas Valentinas vivindo diferentes aventuras.

Material didáctico: folio ou cartolina, lapis, gomas de borrar, afialapis, rotuladores, pinceis, témperas e ceras de cores.

Destinatarios: recomendado para os nenos e nenas de toda a etapa de educación primaria.

12

ACTIVIDADE N.º 12. "IMOS DE AVENTURA CON VALENTINA".



Obxectivos:

- Favorecer a empatía e saberse poñer no lugar doutra persoa.
- Fomentar o respecto polas persoas con outro tipo de capacidades e facilitar as relacións sociais.

Actividade:

Esta actividade poderase levar a cabo na materia de Ciencias Sociais. Falamos de Galicia, os sitios que visitou Valentina na súa aventura, que cousas viu, que comeu... Cada un e unha pensa a onde lle gustaría viaxar, que lle gustaría fazer, se lles gusta más a praia que a montaña, se viron algunha vez unha catedral tan fermosa como a de Santiago de Compostela... O/A docente escribe no encerado as diferentes opinións. Nun mapa de Galicia (anexo 2) o/a docente, ou ben o alumnado, irá colocando adhesivos de cor vermella nos sitios onde estivo Valentina e adhesivos de cor amarela nos sitios onde estiveron ou onde lles gustaría ir aos nenos e nenas da clase. Finalmente o alumnado verá que coinciden moito con Valentina.

Material didáctico: encerado, xiz, mapa de Galicia (anexo II) e adhesivos de cor vermella ou amarelo.

Destinatarios: recomendado para os nenos e nenas de toda a etapa de educación primaria.